



# **MEMORIA DE CALIDADE**

**Facultade de Filoloxía**

**Curso Académico: 2019/2020**

## Índice

1.Introdución.....	2
2.Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados.....	5
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.....	5
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.....	10
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no alumnado.....	18
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos.....	23
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.....	27
Directriz 6. Información pública.....	29
3.Plan de Melloras do centro.....	31
4. Modificacións nos diferentes títulos.....	52
5.Listaxe de evidencias e indicadores.....	53

## 1. Introducción

### **Estrutura do Centro no desenvolvemento do SGC.**

A presente Memoria de Calidade da Facultade de Filoloxía corresponde ao curso académico 2019-2020. Nela recóllese información relativa ao Sistema de Garantía de Calidade (SGC), ao seguimento dos títulos impartidos no Centro e ao Plano de Melloras da propia Facultade, que inclúe as accións de mellora derivadas do seguimento dos títulos. O curso estivo marcado a partir do mes de marzo pola pandemia da Covid-19 que nos obrigou a reorganizar a vida universitaria. Os datos reflicten as consecuencias da pandemia (a mobilidade diminuíu, os cursos de formación tecnolóxica aumentaron...) e as conclusións que nacen das comparacións con cursos anteriores deben ser relativizadas. Sen dúbida esta situación excepcional provocará profundos cambios na universidade.

A excepcional cantidade e variedade das titulacións que ofrecemos condicionan tanto a vida académica en xeral como a proposta, acompañamento e avaliación dos mecanismos con que tentamos garantir a mellora permanente, así como atinxir metas de excelencia na formación e investigación universitarias no campo das Humanidades. O proceso que se aplica ao SGC segue os procedementos clásicos establecidos, pasando polas fases e órganos mais adiante apresentados, remetendo en primeira instancia ao que se establece nos RD 1393/2007 e RD 861/2010, e, en segunda, á adaptación do SGC marco da Universidade de Santiago de Compostela, deseñado á súa vez segundo o modelo das axencias de calidade nacional e autonómica, ANECA e ACSUG. Sendo a xestión documental e as directrices en que se encaixa este proceso unha galaxia de difícil navegación, estamos seguros que na específica estrutura do noso Centro se poderá implementar futuramente un desenvolvemento mais eficaz do SGC, cando a multiplicación dos auto-informes de seguimentos de cada un dos títulos sexa compactada. Como instrumento que debe proporcionar a mellora continuada nas titulacións adscritas á Facultade de Filoloxía, como meio para probar niveis de calidade que faciliten a renovación periódica da súa acreditación, o SGC aplicouse en concreto no período 2019-2020 seguindo o proceso e con as evidencias que nesta Memoria ficarán expostas.

### **Procedemento de elaboración da Memoria de Calidade.**

A planificación, aplicación e seguimento anual das propostas de mellora, a elaboración dos auto-informes de seguimentos por parte dos coordinadores e coordinadoras de cada un dos títulos, as reunións da Comisión de Calidade do Centro e dos órganos unipersoais e colexiados, poden resumir-se na seguinte ficha de control, que sintetiza a cronoloxía de aprobación final:

Control da elaboración e aprobación

Fase	Unidade/Órgano	Data
Aprobación de	Comisión de Calidade do Centro	12/05/2021
Informe técnico de	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	24/05/2021
Aprobación de	Xunta de Facultade do Centro	11/06/2021

**Esbozo sobre a estrutura do Centro.****- Títulos impartidos no Centro**

Tal e como avanzado na introdución a esta Memoria, a Facultade de Filoloxía é un dos centros universitarios que conta cunha oferta de títulos máis ampla e variada non só da USC como do Sistema Universitario Galego. No leque de posibilidades que o noso Centro ofrece, cóntanse cinco títulos de grao, un deles con cinco mencións, e seis títulos de máster, dous deles interuniversitarios e outros con mencións específicas e docencia fora do noso Centro. Eis as denominacións concretas de cada título, nas vertentes de graduación e mestrado:

- Grao en Filoloxía Clásica (GFCL).
- Grao en Lingua e Literatura Españolas (GLLE).
- Grao en Lingua e Literatura Galegas (GLLG).
- Grao en Lingua e Literatura Inglesas (GLLI).
- Grao en Linguas e Literaturas Modernas (GLLM).
  
- Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura (MELC).
- Máster Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións (iMAES).
- Máster Interuniversitario en Lingüística Aplicada (MILA).
- Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos (MEME).
- Máster Mundus Encrucilladas nas Narrativas Culturais (European Master Crossways in Cultural Narratives). Integrado, a efectos de docencia, no Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura.
- Máster Mundus en Lexicografía (European Master in Lexicography. Erasmus Mundus).

**- Documentación de referencia e órganos de goberno do centro.**

O Sistema de Garantía da Calidade da Facultade de Filoloxía sométese a un seguimento anual que, xunto co seguimento dos títulos e os plans de mellora derivados, contribúe ao mantemento e actualización das accións encamiñadas ao desenvolvemento da política de calidade do Centro. A documentación do SGC da nosa Facultade e as evidencias da súa implantación están dispoñibles para consulta pública na web institucional da Facultade, na sección de [Calidade](#).

Polo que se refere aos órganos que operan na elaboración, acompañamento e avaliación continuada do noso Sistema de Garantía de Calidade, este o elenco que intervéñ:

Órganos Unipersoais:

- Decano
- Responsable de Calidade
- Coordinador de Calidade
- Coordinadores/as de Título

Órganos Colexiados:

- Equipo decanal
- Comisión de Calidade do Centro (CCC)
- Comisión de Títulos de Grao
- Comisión de Títulos de Mestrado
- Comité Consultivo do Centro
- Xunta de Facultade [responsable da aprobación da *Memoria de Calidade* así como das propostas de novos títulos e das súas modificacións].

Algunhas modificacións de regulamentos, procedementos e outros cambios de detalle, que poden incidir na elaboración da Memoria de Calidade, serán referidas no apartado correspondente do capítulo que segue. Nesta introdución, e con respecto a eventuais alteracións no sistema que desemboca en tal documento, queremos deixar unicamente unha reflexión xenérica cuxo desenvolvemento só cabe nun futuro inmediato. A situación complexa vivida no último curso por mor da pandemia da Covid 19, obrigounos a repensar en profundidade a ensinanza universitaria, as metodoloxías e as ferramentas, os sistemas de avaliación, a preparación do profesorado e do alumnado en tecnoloxías, como reflicte o Plan de Melloras da Facultade.

## 2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

### Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

**Estándar:** o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Facultade de Filoloxía, tal e como vén plasmando nas Memorias de Calidade que elabora anualmente, está comprometida coa **vixencia da cultura da calidade**, pois é consciente da importancia que ten para a mellora continua dos títulos que oferta.

Como se sinala en memorias anteriores, a Facultade ten unha estrutura organizativa complexa, pero precisa, debida á amplitude da súa oferta formativa. Para o desenvolvemento do SGC, o Centro conta coa Comisión de Calidade do Centro, co Comité Consultivo da Facultade, coas comisións de cada un dos títulos de grao e de mestrado, coa Comisión de Títulos de Grao e con outra de Títulos de Máster, amais do Equipo Decanal, do Coordinador de Calidade do Centro e dos/as Coordinadores/as dos distintos títulos. Está accesible a través da [web](#) a composición de todas estas comisións, os nomes dos membros do equipo decanal e das coordinadoras e coordinadores de todos os graos e mestrados. Tamén está dispoñible toda a documentación de referencia para o desenvolvemento do SGC da Facultade de Filoloxía (en especial, as memorias de verificación e os informes de renovación da acreditación dos títulos de grao e mestrado, as memorias de calidade do centro, o plan estratéxico ponte 2020-2022 aprobado pola Xunta de Facultade en 11/12/2020, o manual de procesos e procedementos, aprobado pola Comisión Delegada de Calidade e Planificación do Consello de Goberno en

30/09/2020, o manual do sistema marco de calidade da Facultade de Filoloxía), ademais dos documentos marco da USC.

Cómpre sinalar que nesta Memoria non se proporcionan nin se analizan os datos relativos aos dous *Máster Mundus* impartidos na Facultade, pois estas titulacións seguen un proceso de seguimento no marco das institucións europeas.

É necesario avaliar o grao de execución e eficacia do Plan de melloras anual (PMA) levado a cabo durante o curso 2019-20 en consonancia co Plan Estratéxico da Facultade. Este plan estruturouse en 5 accións de mellora. Como mencionado na introdución, a situación complexa vivida no último curso, por mor da pandemia da Covid 19, obrigounos a repensar en profundidade a ensinanza universitaria. Así naceron as accións de mellora principais propostas: a creación dun grupo de traballo FiloTics (para fomentar a formación do profesorado, alumnado e PAS nas novas ferramentas tecnolóxicas) (AM2 Plan de Melloras 2019-2020) e un grupo de traballo para fixar criterios na elaboración dos horarios (AM3 Plan de Melloras 2019-2020). O seguimento da eficacia das accións para a consecución dos obxectivos foi realizado pola CCC. Todas foron executadas e avaliadas (vid. Plan de Melloras do Centro). O nivel de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro e o proceso de elaboración e seguimento do Plan de Mellora anual son satisfactorios.

#### **- Procesos, procedementos e documentación do SGC.**

Durante o curso 2019-2020, a Comisión de Calidade do Centro (CCC) aprobou o Manual SGC e o Manual de Procesos da Facultade de Filoloxía (27/02/2020), os autoinformes de seguimento (dos graos e dos mestrados (29/06/2020), e elaborou a memoria de centro e o plan de melloras (14/07/2020) seguindo o calendario modificado por mor da pandemia. Os mecanismos para a recollida de información, análise, proposta de accións de mellora e seguimento das mesmas desenvolvéronse segundo o establecido.

Tal e como estipula o SGC, as comisións de cada un dos títulos, as Comisións de Títulos de Grao/Máster e a Comisión de Calidade do Centro levaron a cabo o seguimento da evolución e mellora do título en cuestión (vid. actas correspondentes). Naqueles casos en que contan cun calendario de reunións ordinarias, celebraron as sesións previstas. A composición de todas as comisións mencionadas é accesible a través da web e foise actualizando puntualmente: web (<http://www.usc.gal/gl/centros/filoloxia/calidade/index.html>)

A participación do estudantado nas distintas comisións é baixa en xeral. A acción de mellora (AM-3) intentará promover comportamentos proactivos impulsando a participación do alumnado nas distintas comisións, órganos de decisión.

No caso dos mestrados interuniversitarios, a coordinación exerceuse de maneira satisfactoria desde a UD para o MILA e desde a USC para o iMAES.

Como xa se vén facendo nos últimos anos, desde a Facultade complementouse a información recibida desde a ACMP, especialmente no que atinxe á satisfacción dos grupos de interese e realizáronse dúas enquisas de elaboración propia:

- (1) Análise do **perfil de ingreso** e dos procedementos para a captación de alumnado: enquisas aos estudantes de primeiro curso de grao co fin de coñecer a súa procedencia xeográfica, cales son os seus intereses e motivacións para cursar un grao na Facultade (vid. Informe).
- (2) Análise do proceso de **elaboración e defensa do TFG**: enquisas aos estudantes que defenden o seu TFG para recoller información sobre a súa satisfacción cos resultados e procedemento en xeral (vid. Informe).

O centro tenta contribuír para un aumento na participación na enquisas de satisfacción distribuídas pola ACMP a través de anuncios (información sobre o proceso de avaliación e as datas das enquisas) na pantalla informativa na entrada da facultade, letreiros, correos à lista de distribución do profesorado, publicacións na aula virtual dos coordinadores dos títulos.

#### **Cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.**

Durante o curso 2019/2020, foron aprobados pola Xunta de Facultade de Filoloxía no 27/02/2020 o *Manual de Proceso da Facultade de Filoloxía* e o *Manual do Sistema de Garantía da Facultade de Filoloxía*, e pola Comisión de Calidade delegada do Consello de Goberno no 30/09/2020.

As diferentes normativas e regulamentos aprobados en cursos anteriores e recollidos nos correspondentes informes de seguimento e/ou renovación da acreditación dos títulos, tanto as xerais da USC, como as particulares da Facultade de Filoloxía, aplicáronse de forma axeitada durante o curso 2019-2020, pero a situación da pandemia obrigou a revisar e modificar aspectos fundamentais da docencia (entre os que destacamos a docencia non presencial e o sistema de avaliación).

Durante o curso 2019-2020 aprobáronse o Regulamento de concesión dos premios extraordinarios de grao e máster da USC (aprobado no Consello de Goberno do 20/12/2019) e o Estatuto do estudantado (aprobado polo Claustro Universitario do 28/11/2019).

O 20/02/2020 publicouse no taboleiro electrónico da USC o novo Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Filoloxía (aprobado no Consello de Goberno no 7-02-2020). A devandita publicación supoñía a entrada en vigor do Regulamento e a conseqüente derogación do Regulamento da Xunta de Facultade de Filoloxía, que databa de 2005. En relación coa constitución das comisións delegadas e non delegadas da Xunta de Facultade, incluídas no novo Regulamento de Réxime Interno, os equipos decanais saínte e entrante acordaron manter de maneira transitoria o actual sistema de comisións da Facultade ata que se produza a proclamación definitiva de candidatas/os electas/os do proceso electoral de representantes nas Xuntas de Centro como resultado das votacións previstas o 31/03/2020. O proceso foi adiado por mor da pandemia e non se realizou no curso 2019-2020.

Por mor da pandemia, aprobouse o Réxime especial de avaliación do curso 2019-2020 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola Covid-19 (Consello de Goberno do 22 de abril de 2020), e o equipo decanal da Facultade de Filoloxía



consensuou con distintos sectores (Direccións de departamento, Coordinacións de Graos e Mencións e representantes do estudantado na Xunta de Facultade), establecer un novo sistema de avaliación para o Traballo Fin de Grao, nas oportunidades de xullo e setembro do ano 2020 (contidos e presentación escrita avaliados polo/a titor/a do TFG; a presentación oral, opcional, avaliada por un tribunal). Esta proposta de sistema de avaliación foi aprobada pola Comisión de Títulos de Grao e ratificada pola Comisión Permanente da Xunta de Facultade de Filoloxía, en reunións celebradas o 29 de abril. Posteriormente foi autorizado pola Vicerreitoría de Organización Académica e pola Secretaría Xeral, con data 6 de maio. As distintas comisións dos másters tamén modificaron o sistema de avaliación dos TFM.

Por mor da pandemia distintas resolucións reitorais foron ditadas, entre as cales destacamos:

Resolución reitoral do 23 de marzo de 2020, sobre modificación das guías docentes, como consecuencia da suspensión temporal da actividade docente presencial.

Resolución reitoral do 27 de marzo de 2020 sobre as practicas académicas externas do curso 2019/2020 como consecuencia da súa suspensión temporal derivada da situación de crise sanitaria.

Resolución reitoral do 7 de abril sobre obrigas referidas á docencia non presencial. Destaca a suspensión definitiva da docencia presencial polo que resta de período lectivo do segundo cuatrimestre do curso 2019-2020. Establece as obrigas docentes con respecto á docencia non presencial.

Resolución reitoral do 04/05/2020, pola que se acordan determinados cambios nos prazos de matrícula, como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola COVID-19.

### **Queixas e reclamacións.**

Todos os mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas e reclamacións, desenvolvéronse consonte o establecido no SGIC e as normas correspondentes.

Ao longo do curso 2019-2020 recibíronse no Decanato as seguintes reclamacións:

- 1.- Grao en Lingas e Literaturas Modernas: reclamación da cualificación na mención de alemán, por considerar a reclamante mal aplicados os criterios de avaliación contidos no programa da materia publicado na páxina web. Unha vez emitido informe polo profesorado responsable da docencia e avaliación, e analizado este pola Comisión Extraordinaria de Revisión, acorda ratificar a cualificación obtida por considerar que non existiu discrecionalidade ou arbitrariedade na actuación do profesorado, segundo a normativa que rexe o procedemento de revisión de cualificacións da Universidade de Santiago de Compostela (Resolución do 15/06/2011 sobre normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións). Presentadas outras dúas reclamacións da cualificación dentro da mención de italiano, non foron admitidas atendendo ao establecido no apartado 3 do artigo 9 da [Normativa de avaliación do](#)

*rendemento académico dos estudantes e da revisión de cualificacións*, aprobada polo Consello de Goberno do 15 de xuño de 2011

- 2.- Grao en Lingua e Literatura Inglesas: reclamación da cualificación dunha materia que non foi admitida a trámite por non acreditar o tratamento arbitrario ou discriminatorio, atendendo ao establecido no apartado 3 do art. 9 da Resolución do 15/2011 sobre normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.
- 3.- Grao en Lingua e Literatura Españolas: presentadas 2 reclamacións ás cualificacións outorgadas que foron desestimadas, atendendo ao establecido no apartado 3 do artigo 9 da *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e da revisión de cualificacións*, aprobada polo Consello de Goberno do 15 de xuño de 2011.
- 4.- Grao en Filoloxía Clásica: presentadas 3 reclamacións ás cualificación, dúas delas resoltas polo profesorado das materias e a outra non foi admitida a trámite, atendendo ao establecido no apartado 3 do artigo 9 da *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e da revisión de cualificacións*, aprobada polo Consello de Goberno do 15 de xuño de 2011.

Na memoria do curso 2019/2020, a Oficina de Análise e Reclamacións informa que se presentaron os seguintes recursos:

- 1.- Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos: presentado recurso potestativo de reposición sobre exención de prezos públicos. Desestimado por non presentar a documentación acreditativa dentro do prazo.

Na memoria do curso 2019/2020, a Oficina de Análise e Reclamacións informa que se presentaron as seguintes queixas:

- 1.- Grao en Lingua e Literatura Españolas: dúas queixas. Un deles pola non expedición dunha certificación académica en inglés, que foi estimada e tramitada posteriormente pola Unidade de Xestión Académica do Campus Norte, e outra pola tardanza en subir o nota do TFG ao seu expediente, que foi estimada.
- 2.- Grao en Lingua e Literatura Inglesas: dúas queixas relacionadas coa docencia on-line impartida durante o confinamento, por mor do COVID-19, que foron desestimadas.
- 3.- Grao en Linguas e Literaturas Modernas: presentadas 3 queixas. Dúas delas relacionadas coa docencia, que foron desestimadas, e unha terceira polo retraso da descarga da nota do TFG ao expediente (recepción da acta de TFG), que foi solucionado pola Unidade de Xestión Académica do Campus Norte.
- 4.- Grao en Lingua e Literatura Galegas: queixa polo sistema de avaliación de

dúas materias impartidas dentro do grao. A queixa foi contestada pola Sra. Decana.

5.- Máster Universitario en Lingüística Aplicada: Presentada unha queixa por non actualizar a nota media do expediente académico na secretaria virtual. Foi desestimada porque a non actualización era produto de que as actas estaban pendentes de sinatura e finalización.

6.- Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións: queixa presentada pola tardanza na devolución do importe da matrícula anulada en prazo. Xestionado pola Unidade de Xestión Académica do Campus Norte.

No que se refire á difusión e promoción do sistema de traslado de queixas e reclamacións, levouse a cabo nas sesións informativas dirixidas ao estudiantado, así como mediante a inclusión dun formulario na páxina web da Facultade para o envío de queixas, suxestións e felicitacións, tal como se pode comprobar en <http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/suxestions.html>

## Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

**Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación, a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.
- Cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
  - cumprimento de guías docentes;
  - procedementos de coordinación;
  - análise do perfil real de ingreso/egreso;
  - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria;
  - Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A Facultade de Filoloxía ten implantados procedementos que regulan o deseño, aprobación, revisión e extinción dos programas formativos. Periodicamente as CT analizan o desenvolvemento dos programas formativos e a execución das accións de mellora. Faise o seguimento do cumprimento da memoria do título e analízanse a conveniencia de modificala, o cumprimento dos programas das materias, os perfís de ingreso/egreso, os procedementos de coordinación (a distintos niveis: materia, título, campus universitario) os resultados de aprendizaxe, o grao de satisfacción dos grupos de interese. O SGC establece os procesos do desenvolvemento dos programas formativos. A CCC revisa e aproba as accións de mellora (vid. Actas da CCC).

No curso 2019-2020 fíxose o seguimento de todos os títulos de grao e mestrado adscritos á Facultade, seguindo o calendario establecido pola USC, que foi modificado polas circunstancias. Todos os informes foron aprobados na CCC no 29/06/2020.

Polo que se refire á Memoria de Calidade do curso, onde se inclúe o Plan de Melloras a nivel de centro, foi elaborada pola Comisión de Calidade do Centro e aprobada en reunión ordinaria celebrada o 14/09/2020 (Informe técnico de Área de Calidade e Mellora dos Procedementos 23/09/2020) e foi aprobada pola Xunta de Facultade do Centro o 11/12/2020.

Tanto as Memorias de Calidade do Centro como os Informes de Seguimento dos distintos títulos, do curso 2018-2019 e anteriores, son accesibles en,

<http://www.usc.gal/gl/centros/filoloxia/calidade/index.html>.

A supervisión do cumprimento dos programas das materias realízase principalmente a través das Comisións de Título. Non se detectaron incidencias no cumprimento dos programas. Os datos das enquisas de avaliación da docencia recibida avalan esta afirmación.

Os procedementos de coordinación realízanse principalmente através dos/as coordinadores/as de título, e das CT (celebráronse as reunións ordinarias, tal e como se evidencia nas actas da CT). O GLE impartido en Santiago e Lugo ten mecanismos de coordinación específicos e axeitados (traballo conxunto das secretarías dos centros, elaboración consensuada dos programas, representantes dos dous campus nas comisións). Os títulos de mestrados interuniversitarios (iMAES e MILA) teñen sistemas de coordinación vertical (CCIU) e horizontal (programas, prácticas externas) axeitados. Os mecanismos de coordinación das actividades docentes son en xeral ben valorados. No relativo á adecuación dos perfís de ingreso e de egreso, existen suficientes indicadores que sinalan a súa adecuación. Comentamos a seguir algúns aspectos concretos relevantes no sentido apuntado:

**- Acceso e admisión de estudantes.**

Os procesos de admisión e as accións de captación de alumnado dos graos en Filoloxía réxese pola normativa xeral aplicable ao acceso aos estudos de Grao no

Sistema Universitario Público. O número de prazas ofertadas na Facultade de Filoloxía para o curso 2019-2020 foi de 407 e o número total de alumnos de novo ingreso foi de **394 (396 no curso anterior)**. A enquisa de novo ingreso de elaboración propia proporciona datos interesantes (intereses e motivacións) correspondentes ao perfil do alumnado (vid. informe).

Títulos	Prazas cubertas	Prazas ofertadas
Grao en Filoloxía Clásica	35	50
Grao en Lingua e Literatura Españolas [Grupo de Santiago]	54	50
Grao en Lingua e Literatura Galegas	57	50
Grao en Lingua e Literatura Inglesas	113	100
Grao en Linguas e Literaturas Modernas	76	75
Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura	21	26
Máster Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	10	22
Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos	18	24
Máster Interuniversitario en Lingüística Aplicada	10	10
<b>TOTAL</b>	<b>394</b>	<b>407</b>

Táboa 1 - Número de prazas ofertadas na Facultade de Filoloxía para o curso 2019-2020.

Tanto o *Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións* (iMAES) como o *Máster Universitario en Lingüística Aplicada* (MILA) son títulos interuniversitarios. Pola súa parte, o *Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura* acolle nas súas clases os estudantes do *Máster Mundus Encrucilladas nas Narrativas Culturais*.

En xeral os datos de matrícula non cambian de maneira significativa. Cómpre destacar o aumento de matriculados/as nos GLLG (47 o curso anterior) e CFC (28 o curso anterior) e unha baixa no iMAES (20 o ano anterior) e no GLLM (84 o ano anterior).

Polo que se refire aos títulos de grao impartidos na Facultade de Filoloxía, todos cubriron as prazas ofertadas, agás o Grao en Filoloxía Clásica. No caso do grao en Filoloxía Clásica a demanda aumentou de maneira significativa. En canto ao Grao en Lingua e Literatura Galegas, aumentou tamén levemente a demanda (a demanda superou incluso as prazas ofertadas). No caso dos Graos en Lingua e Literatura Inglesas, en Lingua e Literatura Españolas e Linguas e Literaturas Modernas, a demanda superou tamén as prazas ofertadas. Cómpre lembrar que, con data de 2 de novembro de 2017, a Secretaría Xeral de Universidades publicou unha [resolución](#) pola que se declarou a singularidade de graos no Sistema universitario de Galicia, que supón “para as titulacións recoñecidas como tales, a exención do cumprimento do esixido no artigo 6 do Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas

universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia” (apartado 2), isto é, supón unha exención da obriga de contar cun número mínimo de 50 matriculados de novo ingreso no caso das titulacións adscritas a campus centrais, como Santiago de Compostela. Entre os títulos declarados singulares nesta resolución encóntranse o Grao en Lingua e Literatura Galegas e o Grao en Filoloxía Clásica.

Na táboa 2 obsérvase o aumento da nota media global de acceso por preinscrición dos estudantes que inician os estudos (do 7,95 no curso 2014-2015 até o 9,08 no curso 2019-2020).

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Grao en Filoloxía Clásica	8,59	8,90	8,87	8,67	10,31	9,86
Grao en Lingua e Literatura Españolas [S]	8,01	8,09	8,49	9,20	9,19	9,41
Grao en Lingua e literatura galegas	8,04	7,57	7,33	8,58	8,97	8,79
Grao en Lingua e Literatura inglesas	8,04	8,98	9,26	9,54	9,83	9,96
Grao en Linguas e Literaturas Modernas	7,84	8,25	7,74	8,50	8,14	8,49
Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura	7,64	7,73	7,34	7,47	7,42	7,41
Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	7,50	7,64	7,07	7,69	7,60	7,48
Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos.	7,62	7,41	7,70	7,66	7,63	7,56
Máster Universitario en Lingüística Aplicada	8,16	7,36	7,32	6,98	7,15	7,54
<b>Total</b>	<b>7,95</b>	<b>8,31</b>	<b>8,31</b>	<b>8,79</b>	<b>8,89</b>	<b>9,08</b>

Táboa 2 - Nota media de acceso por preinscrición.

Se a porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados é baixa en xeral (3,86 na Facultade de Filoloxía), nos mestrados observase unha tendencia á alza moi marcada que temos que ter en conta, sen dúbida, na organización dos mestrados.

Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións: 8% no curso 2018-2019, 27% no curso 2019-2020.

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura: 6% no curso 2018-2019, 15% no curso 2019-2020.

Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos. 0% no curso 2018-2019, 12% no curso 2019-2020.

Máster Universitario en Lingüística Aplicada: 25% no curso 2018-2019, 28% no curso 2019-2020.

**- Satisfacción dos grupos de interese.**

Como nos anos anteriores, a Facultade procura fomentar a participación nas enquisas (anuncios coa información sobre o proceso de avaliación na pantalla informativa da entrada, letreiros e tamén a través da lista de distribución de correo electrónico do profesorado, anuncios no Campus Virtual por parte dos coordinadores/as de título). Con todo, a participación é irregular e nalgúns casos obriga a relativizar as conclusións.

Tal e como se pode comprobar na Táboa 3, é moi satisfactoria a puntuación que reciben os títulos da Facultade nas enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (IN46): non hai cambios significativos respecto ao ano anterior.

Título	2017-2018	2018-2019	2019-2020
Grao en Filoloxía Clásica	4,25	4,29	3,99
Grao en Lingua e Literatura Españolas [Grupo de Santiago]	4,12	4,18	4,11
Grao en Lingua e Literatura Galegas	4,11	4,1	3,91
Grao en Lingua e Literatura Inglesas	3,88	3,99	4
Grao en Linguas e Literaturas Modernas	3,84	4,1	3,96
Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura	4,54	4,42	4,51
Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	4,23	4,06	4,27
Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos	4,34	4,58	4,32
Máster Universitario en Lingüística Aplicada	4,08	4,51	4,37

Táboa 3 - Satisfacción do alumnado da Facultade de Filoloxía coa docencia recibida no curso 2019-2020.

Respecto á enquisa de satisfacción xeral dos egresados, non temos os datos actualizados.

**- Resultados académicos.**

As medias das taxas de rendemento (IN34CM), éxito (IN35CM) e avaliación (IN36M) dos mestrados son en xeral moi satisfactorias. Pero como se aprecia na Táboa 4, as

taxas medias de rendemento, éxito e avaliación dos mestrados son lixeiramente máis baixas respecto ao ano anterior .

Título	Taxa de rendemento	Taxa de éxito	Taxa de avaliación
Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura	82,61	99,25	83,23
Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	79,21	96,97	82,50
Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos	85,75	97,75	87,68
Máster Universitario en Lingüística Aplicada	87,80	96,26	91,33
<b>Media dos mestrados da Facultade de Filoloxía</b>	<b>(curso anterior: 89,94) 83,87</b>	<b>(curso anterior: 99,05) 97,93</b>	<b>(curso anterior: 90,80) 85,78</b>

Táboa 4 – Taxas (%) de rendemento, éxito e avaliación dos mestrados da F. de Filoloxía, 2019-2020.

Título	2015-2016	2016-2017	2017-2018	2018-2019	2019-2020
Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura	0	9,52	13,04	11,76	8,33
Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	0	0	9,09	15,38	5,26
Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos	8	28,57	10	0	0
Máster Universitario en Lingüística Aplicada	11,11	7,14	0	0	10
<b>Media</b>	<b>4,78</b>	<b>11,31</b>	<b>8,93</b>	<b>7,34</b>	<b>5,63</b>

Táboa 5 - Taxa (%) de abandono dos mestrados da Facultade de Filoloxía (cinco últimos cursos).



A taxa de abandono dos mestrados baixou ou mantívose (media: 5,63%), salvo no MILA. Cómpre subliñar que o *Máster en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos* tivo un abandono do 0%. No *Máster en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos* confírmase a tendencia positiva despois de realizar unha análise das causas do índice de abandono na Comisión do propio título. No *Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura* e no *Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións* o abandono descende de maneira satisfactoria. En xeral, os indicadores poñen de manifesto una lixeira baixa da taxa de abandono e uns resultados satisfactorios.

No caso dos títulos de grao, as taxas de rendemento, éxito e avaliación aumentaron de maneira significativa respecto ao ano pasado (Táboa 6). Poderíase relacionar parcialmente cos cambios nos mecanismos de avaliación relacionados coa pandemia.

Título	Taxa de rendemento	Taxa de éxito	Taxa de avaliación
Grao en Filoloxía Clásica	74,88	89,36	83,80
Grao en Lingua e Literatura Españolas [Grupo de Santiago]	86,08	94,35	91,24
Grao en Lingua e Literatura Galegas	85,51	94,32	90,66
Grao en Lingua e Literatura Inglesas	88,02	93,74	93,90
Grao en Linguas e Literaturas Modernas	76,32	90,74	84,11
<b>Media dos graos da F. de Filoloxía</b>	<b>(curso 2018-2019: 73,67) 83,69</b>	<b>(curso anterior: 86,32) 92,99</b>	<b>(curso anterior: 85,39) 90,00</b>

Táboa 6 - Taxas (%) de rendemento, éxito e avaliación dos graos impartidos na F. de Filoloxía para o curso 2019-2020.

En correlación con estes datos, a taxa de abandono en primeiro curso foi de 21,72% e a taxa de abandono RD 1393 foi de 29,05% (Táboa 7). Non son bos datos, especialmente a taxa de abandono en primeiro do GFC, que aumentou notablemente (pero os datos do GLLG melloraron). Prevese unha acción de mellora ao respecto (AM-6, vid. Plan de Melloras). A taxa de graduación media, que chegou ao 49,79%, mellorou lixeiramente pero sigue sendo baixa (no Grao en Linguas e Literaturas Modernas e no Grao en Lingua e Literatura española baixou). Como xa se indicou na Memoria do Centro 2018-2019, a taxa de abandono media da Facultade de Filoloxía é importante, pero está por debaixo da taxa de abandono rexistrada polo Ministerio de Educación y Formación Profesional para a rama de Artes e Humanidades, dato que pode mostrar tratarse dun problema estrutural a nivel estatal nos estudos desta rama.

As estratexias elaboradas nos cursos anteriores para abordar o problema mantivéronse: entre elas destacan accións para a visibilización e promoción da

Facultade, captación dun maior número de estudantes, que debería contribuír á subida da nota media dos matriculados e á diminución da taxa de abandono. Para informar sobre a obtención dun segundo título de grao, varios profesore participaron nas actividades de información e divulgación da oferta docente da Facultade do programa *A Ponte entre o ensino medio e a USC*.

[véxase aínda a Memoria A Ponte entre o ensino medio e a USC 2019-2020]:  
<https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/perfis/futuros/aponte/descargas/MEMORIA-2019-2020.pdf>

Tendo en conta, tamén, que as taxas de graduación nos títulos de grao da Facultade son mellorables, especialmente nalgunhas titulacións, e como o estudantado de grao manifesta con frecuencia a necesidade de dispoñer de formación complementaria para acometer o TFG, organizáronse como en cursos anteriores varias actividades formativas para a elaboración e defensa de TFG (Sesión informativa sobre o TFG para estudantes de cuarto curso (10/09/2019), *A Longa Noite do TFG* (13/02/2020). É notable tamén o aumento progresivo nos graos da duración media (en anos) na que os estudantes tardan en superar os créditos correspondentes ao plan de estudos (4,5 no curso 2014-2015; 5,28 no curso 2019-2020).

Título	Taxa abandono 1º curso 2018-2019	Taxa abandono 1º curso 2019-2020	Taxa abandono RD 1393 2018-2019	Taxa abandono RD 1393 2019-2020	Taxa graduación 2018-2019
Grao en Filoloxía Clásica	29,63	53,13	46,15	35	46,15
Grao en Lingua e Literatura Españolas [Grupo de Santiago]	16,67	14,63	39,13	35,90	50
Grao en Lingua e Literatura Galegas	54,17	14,89	50	40	38,46
Grao en Lingua e Literatura Inglesas	15,38	8,24	27,96	13,83	50,54
Grao en Linguas e Literaturas Modernas	37,5	33,87	3651	41,27	42,83
<b>Media dos graos da Facultade de Filoloxía</b>	<b>26,61</b>	<b>21,72</b>	<b>35,68</b>	<b>29,05</b>	<b>46,89</b>

Táboa 7 - Taxas (%) de abandono e graduación dos graos da F. de Filoloxía, cursos 2018-2019 e 2019-2020.

**Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no alumnado.**

**Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirlles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:
  - Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
  - Admisión do alumnado (acción de captación).
  - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.
  - Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.
  - Mobilidade.
  - Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe).
  - Avaliación da aprendizaxe.
  - Prácticas externas.
  - Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
  - Resultados da aprendizaxe nas materias do título.
  - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativas ao proceso de ensino/aprendizaxe.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Os procedementos que regulan o desenvolvemento dos programas formativos quedan recollidos no SGC. A USC establece o marco normativo da vida académica dos/as estudantes, desde a admisión até a obtención do título. Este marco normativo está conformado polas ordenanzas, normativas e instrucións aprobadas polo Consello de Goberno da Universidade. As principais normativas poden consultarse nos enderezos web que seguen:

<http://www.usc.gal/gl/normativa/estudiantes/index.html>

[http://www.usc.gal/gl/servizos/sxopra/0311\\_graos\\_normativa.html](http://www.usc.gal/gl/servizos/sxopra/0311_graos_normativa.html)

[http://www.usc.gal/gl/servizos/sxopra/0321\\_másteres\\_normativa.html](http://www.usc.gal/gl/servizos/sxopra/0321_másteres_normativa.html)

O cadro referencial máis relevante, que garantiza o ensino, a aprendizaxe e a avaliación no noso Centro, é este:

- Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado na USC (aprobada en Consello de Goberno [CG] de 28/07/2017).
- Normativa sobre permanencia nas titulacións de grao e máster na USC (CG 15/06/2011 e 25/05/2012; Consello Social 05/06/2012).
- Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos (CG 14/03/2008).
- Procedemento para o recoñecemento de competencias nas titulacións de grao e máster (RR 15/04/2011).

- Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión das cualificacións (aprobada en CG 15/06/2011, modificada en CG de 05/04/2017).
- Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster (acordo CG 10/03/2016).
- Normativa sobre asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao EEES (CG 25/03/2010).
- Regulamento de prácticas académicas externas (CG 29/07/2015).
- Regulamento de Intercambios Interuniversitarios de estudantes da USC (CG 26/10/2012 e modificacións posteriores, a máis recente de 18/07/2019).
- Normativa sobre recoñecemento de estudos realizados en réxime de intercambio (CG 03/03/2017 e a modificación posterior de 24/05/2018).
- Regulamento de acceso e admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao para persoas maiores de 40 anos que acrediten experiencia profesional ou laboral (CG 23/03/2011).

A CCC analiza o desenvolvemento destes procesos recollidos nos informes elaborados por cada unha das CT. En xeral, o grao de satisfacción en relación coa mobilidade, a metodoloxía de ensino, os resultados de aprendizaxe, o proceso dos TFG/TFM e as prácticas externas, é positivo. Os informes de seguimento elaborados por cada unha das CT analizan en detalle os datos (vid. autoinformes correspondentes). A porcentaxe de estudantes egresados que ao longo dos seus estudos na Facultade de Filoloxía realizou as prácticas en empresas e institucións é baixa (23% no curso 2018-2019, 16% no 2019-2020). É un dato que temos que analizar e ter en conta na proposta de prácticas da Facultade.

Cabe destacar o importante número de estudantes que se reciben na Facultade dentro dos programas de mobilidade, procedentes de todas as partes do mundo, especialmente de universidades chinesas (programas de captación) e europeas (programa Erasmus+). Nalgúns casos, estes estudantes supoñen unha porcentaxe importante en relación co total de estudantes matriculados nalgún dos nosos títulos: destaca especialmente o caso do Grao en Lingua e Literatura Españolas, no que a porcentaxe de estudiantado de mobilidade supuxo en 2019-2020 o 43,67% (Táboa 8). Este número tan elevado dificulta ás veces a actividade docente e discente como consecuencia do baixo nivel de coñecemento de español co que chegan ao Centro. Organizáronse actos de recepción dos estudantes procedentes da República Popular de China (10/09/2019 e 29/01/2020). Tamén existe un catálogo de materias específicas para estudantes de intercambio.

No curso 2019-2020, 266 estudantes da Facultade participaron nun programa de intercambio (79 saíntes e 187 entrantes).

<b>Título</b>	<b>2015-2016</b>	<b>2016-2017</b>	<b>2017-2018</b>	<b>2018-2019</b>	<b>2019-2020</b>
Grao en Filoloxía Clásica	6,35	5,48	10,47	1,23	2,22
Grao en Lingua e Literatura Españolas [Grupo de Santiago]	56,87	59,81	66,50	47,2	43,67
Grao en Lingua e Literatura Galegas	2,44	1,69	1,43	1,4	4,24
Grao en Lingua e Literatura Inglesas	6,21	3,78	9,17	5,74	5,18
Grao en Linguas e Literaturas Modernas	7,61	11,33	11,04	9,42	10,07

Táboa 8 - Porcentaxe de estudantes de programas de mobilidade recibidos sobre o total de matriculados nos 4 últimos cursos.

**TFGs:** A enquisa de elaboración propia da Facultade de Filoloxía relativa aos TFGs revela un grao de satisfacción adecuado cos resultados e procedemento en xeral (vid. Informe). Os procesos de asignación, supervisión, avaliación dos traballos de fin de grao/máster están organizados polas CT.

**Prácticas:** O grao de satisfacción coas prácticas é positivo, como evidencian os informes de seguimento. A oferta é atractiva pero con todo moitas prazas quedan vacantes. Para mellorar a situación, a Comisión de Prácticas aprobou a redución dos créditos mínimos que ten que ter o estudiantado do grao para cursar a materia de prácticas (de 150 a 120).

**Convenios para as prácticas en empresas (Grao):** Escola Superior de Hostalaría de Galicia, A Casa das Linguas, Instituto da Lingua Galega, Asociación de Antigos Alumnos da USC, Edicións Obradoiro, Centro “Ramón Piñeiro”, Federación Galega de Institucións para a síndrome de Down (Down Galicia), Concello de Vedra, Centro de Linguas Modernas, Servizo de Normalización Lingüística da USC, Biblioteca Municipal de Lugo.

**Convenios para o Máster Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións:** Centro de Linguas, Instituto Universitario de Estudos Irlandeses AMERGIN, Oficina de Relacións Internacionais (ORI), Centro de Linguas Modernas, Oficina de Relacións Exteriores, USC, Oficina Web, USC, Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica, USC, Servizo de Publicacións, USC, GI-1383 Variation, Linguistic Change and Grammaticalization, USC, GI-1762 Spoken English Research Team at the USC, GI-1924 Discourse and Identity Research Group, USC, Concello de Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Fundación Cidade da Cultura de Galicia, Centro PEN Clube Galicia, Fundación Araganey, Grupo El Correo GallegoTeófilo Comunicación, Biblioteca Central, UVigo, Fundación Universidade de Vigo, Vicerreitorado de Relacións Internacionais, UVigo, Vicerreitorado do Campus de Pontevedra Pontevedra, Colegio Los Sauces Mos, Colexio Internacional SEK-Atlántico Poio, ISTRAD – Centro Superior de Estudos Lingüísticos e Tradución Sevilla, online.

**Convenios para o MELC:** FAZ Cultura e Desenvolvemento, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Servizo de Publicación e Intercambio Científico da USC (SPIC), Fundación Eugenio Granell, Grupo Galabra, LITER21 (GI-1819), Tesouros de Galicia, Axencia Galega das Industrias Culturais, AGADIC (Centro Dramático Galego), Instituto de Ciencias de Educación (ICE), Real Academia Galega, Editorial Galaxia, Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) Grupo de investigación Cultura, Edición y Literatura en el ámbito hispánico, Madrid (online), Proxecto MIGRA (Database of Migrant Writers in Iberian Languages). Grupo de Investigación de Teoría da literatura e Literatura comparada da USC (GI-1371 - TLLC).

**Convenios para o MILA:** ILG, CITIUS, Cesga, EOI (Pontevedra), Consello de Cultura Galega, Fundación Oxfam Intermón, Federación de Xordos, Real Academia Galega, AFundación, Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades, Servizo de Publicacións da USC, Centro de Linguas Modernas – USC, Centro de Linguas – UDC, Ecodesarrollo Gaia, Zocamiñoa. Cooperativa de consumo responsable,

Editorial Galaxia, Gabinete de Psicología Arca, Servizo de Normalización Concello de Redondela, Editorial Rinoceronte, Imaxin.

**Convenios para o *European Master in Lexicography - Erasmus Mundus*:** Citius, Instituto da Lingua Galega, Imaxin, TERMIGAL, Seminario de Lexicografía da Real Academia Galega, Grupo de Investigación Humboldt.

**Convenios para o Mestrado en Estudos Medievais Europeos. Imaxes, Textos e Contextos:** GI-1350 Románicas, GI-1353 Grupo de análise de aspectos lingüísticos-literarios na lusofonía, GI-1507 Medievalismo, GI- 1548 Historia medieval, GI-1908 Estudos medievais e clásicos, GI-1920 Textos e contextos alemáns, GI-1930 Tradición retórica latina, SPIC, Fundación Catedral Santiago de Compostela, CSIC-Padre Sarmiento, Biblioteca franciscana provincial, Arquivo histórico diocesano de Santiago de Compostela, Arquivo-biblioteca catedral Santiago de Compostela.

### Servizos de orientación e acollida.

A continuación referimos unha síntese de **actividades desenvolvidas na Facultade de Filoloxía, realizadas con propósito de orientación e atención ao estudiantado** durante o curso 2019-2020.

Ademais das iniciativas propias da Facultade de Filoloxía, cabe destacar o Servizo de participación e integración universitaria (SEPIU), a Área de orientación laboral e emprego, o Servizo de axudas e servizos ao alumnado e a Oficina de información universitaria (OIU) (ben valorada en xeral). No relativo aos servizos de xestión académica, a USC conta cun servizo centralizado (servizos dispoñibles telematicamente, a través da Secretaría Virtual do Alumno, ben valoradas en xeral).

### **PAT e participación da Facultade no servizos de orientación e atención ao estudiantado durante o curso 2019-2020.**

**Participación da Facultade de Filoloxía en distintas actividades do programa *A Ponte entre o ensino medio e a USC*. (Datos extraídos da memoria *A Ponte entre o ensino medio e a USC 2019-2020*)**  
<https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/perfis/futuros/aponte/descargas/MEMORIA-2019-2020.pdf>

**Encontros na USC 2019-2020:** Preto de 3.400 estudantes, procedentes de 63 centros de ensino medio de toda Galicia, visitaron o Campus de Santiago, dentro do programa Encontros na Zona USC 2020. As visitas tiveron lugar o 4, 5 e 6 de febreiro. Con esta iniciativa os estudantes de ensino medio poden recibir información sobre os estudos (contidos, saídas profesionais, etc.) e visitar os centros. A Facultade de Filoloxía participou activamente na organización do Percorrido1 (Filoloxía e Ciencias da Comunicación): 251 estudantes visitaron a Facultade de Filoloxía.

**Participación da Facultade nos Encontros Virtuais:** Dado o estado de alarma, organizáronse os “Encontros Virtuais” que tiveron lugar o 6, 7 e 8 de abril (páxina Web de entrada con ligazóns á Oficina de Información Universitaria [OIU], aos diferentes graos da USC e aos distintos servizos da vida universitaria). Todos os graos da facultade foron representados e varios profesores mantiveron unha permanencia on-line.

### Participación do PDI da Facultade de Filoloxía nas Charlas temáticas nos centros de ensino medio de Galicia:

MARÍA ÁLVAREZ DE LA GRANJA

Profesora Contratada Doutora da Área de Filoloxías Galega e Portuguesa.

Charla: “Cal ti es, así me dis. Idiosincrasia e universalidade na fraseoloxía galega.

- IES SANXILLO (Lugo) • IES MANUEL CHAMOSO LAMAS (O Carballiño – Ourense) • IES XULIÁN MAGARIÑOS (Negreira - A Coruña) • IES PLURILINGÜE FONTEXERÍA (Muros - A Coruña) • IES AGRA DE RAÍCES (Cee - A Coruña).

ANA ISABEL BOULLÓN AGRELO

Profesora Titular de Universidade da Área de Filoloxías Galega e Portuguesa.

Charla: “Por qué nos chamamos así? Os apelidos galegos”.

- IES DO CAMIÑO (Palas de Rei – Lugo) • IES 12 DE OUTUBRO (Ourense) • IES PEDREGAL DE IRIMIA (Meira – Lugo).

FRANCISCO XOSÉ DUBERT GARCÍA

Profesor Titular de Universidade da Área de Filoloxías Galega e Portuguesa.

Charla: “Linguas en contacto”.

- IES MONTE DA VILA (O Grove – Pontevedra) • IES CAMPO DE SAN ALBERTO (Noia - A Coruña) • IES TERRA DE XALLAS (Santa Comba - A Coruña) • CPI PLURILINGÜE O CRUCE (Cerceda - A Coruña).

MARÍA BELÉN MÉNDEZ NAYA

Profesora Titular de Universidade da Área de Filoloxía Inglesa.

Charla: “Words that tell us stories: why do meanings change? (Palabras que nos contan historias: Por que cambia o significado das palabras?)”.

- IES BECERREÁ (Becerreá – Lugo) • IES AS LAGOAS (Ourense) • IES MONTE DA VILA (O Grove – Pontevedra) • IES SANXILLO (Lugo) • IES ARCEBISPO XELMIREZ I (Santiago de Compostela - A Coruña).

VICTOR MILLET SCHRÖDER

Catedrático de Universidade da Área de Filoloxía Alemá.

Charla: “Filoloxías con futuro: Lingua e Literatura Alemás e Humanidades dixitais”.

- IES ROSALÍA DE CASTRO (Santiago de Compostela - A Coruña).

NURIA RODRÍGUEZ PEDREIRA

Profesora Titular de Universidade da Área de Filoloxía Francesa.

Charla: “As linguas modernas na USC: una opción con futuro”.

- CPI PLURILINGÜE O CRUCE (Cerceda - A Coruña).

XULIO SOUSA FERNÁNDEZ

Profesor Titular de Universidade da Área de Filoloxías Galega e Portuguesa.

Charla: “Como cambia o significado das palabras?”.

- IES 12 DE OUTUBRO (Ourense) • CPI PLURILINGÜE O CRUCE (Cerceda - A Coruña).

### Actividades de acollida e orientación a estudantes propios:

Sesión de benvinda aos **estudantes de grao de novo ingreso** (09/09/2019).



Sesión de benvida e orientación para **estudantes de mestrados** (23/09/2019).

Sesión informativa sobre o **TFG** para estudantes de cuarto curso (10/09/2019).

Actividades formativas para a elaboración e defensa dos TFG: *A Longa Noite do TFG* (13/02/2020).

Apoio titorial extraordinario.

Sesión informativa sobre as convocatorias de **programas de mobilidade** de estudantes, 21/11/2019: sesión informativa sobre o programa Erasmus+, dirixida a estudantes de segundo e terceiro cursos.

Atención titorial da Responsable Académica de Mobilidade da Facultade.

Sesión informativa sobre o programa de **prácticas externas** para os estudantes dos títulos de grao da Facultade (10/09/2019).

A sesión informativa sobre módulos complementarios e optativos dos graos e a sesión informativa sobre a oferta de mestrados da Facultade foron substituídas polo envío da información (correos, aulas de coordinación) por mor da pandemia.

#### Actividades de acollida e orientación a estudantes alleos:

Actos de recepción dos **estudantes procedentes da República Popular de China** (10/09/2019, 29/01/2020).

#### Empregabilidade e orientación profesional:

Bolsas e ofertas de emprego na web da Facultade. A pandemia supuxo a cancelación de distintas actividades programadas como, por exemplo, o Obradoiro de empregabilidade.

#### Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

**Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación).**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
  - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
  - Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
  - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.
  - Formación do profesorado e mobilidade.



- Actividade investigadora.
- Detección de necesidades de persoal académico.
- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio:
  - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
  - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
  - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.
  - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:** A mellora dos procesos organizativos relacionados cos recursos humanos non é competencia directa da Facultade, e depende da Xestión dos recursos humanos. Corresponde á Facultade avaliar a suficiencia e adecuación do persoal PDI/PAS e as condicións en que desenvolve o seu labor. Os datos principais dos recursos humanos da Facultade de Filoloxía no curso 2019-20 non difiren substancialmente do observado na memoria do curso previo. Por mor das circunstancias non se poden comparar algúns parámetros cos cursos anteriores (accións de mobilidade, profesores visitantes...).

O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación esixido e acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.

A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar o seu labor de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe.

O persoal de Administración e Servizos está composto por:

Rama	Posto	Nº	Relación Contractual	Grupo/Categoría
Administración	Responsable da Unidade de Xestión de Centros e Departamentos	1	Funcionario	C1/A2/A1
	Responsable de Asuntos Económicos	1	Funcionario	C1
	Secretaría de Decanato	1	Funcionario	C1
	Secretaría de Departamento	4	Funcionario	C1
	Postos base	3	Funcionario	C2
Servizos	Conserxe	1	Laboral	Grupo 4
	Auxiliar de Servizos	3	Laboral	Grupo 4

Tabóla 9 - Censo profesional do PDA da Facultade de Filoloxía.

O mesmo que xa indicamos nos informes de anos anteriores, o cadro de persoal de administración e servizos é suficiente para atender as necesidades fundamentais do centro. Con todo, un apoio informático suplementario podería ser de gran utilidade. Ao igual que en anos anteriores, a Facultade reitera a necesidade dun/dunha técnico informático/a que se encargue do mantemento do equipamento técnico.

No que se refire aos resultados das enquisas de satisfacción, hai un descenso na participación. A acción de mellora AM 6 (fomentar a participación do PAS nas enquisas), realizada, non tivo efecto e a

pouca participación do PAS nas enquisas impide valorar os resultados, que non son representativos (unha enquisa cuberta). Obsérvase un aumento na porcentaxe de participación do PAS na realización de cursos de formación (53,85% no curso 2018-2019 e 66,67% no curso 2019-2020). Outra acción do Plan de Melloras 1019-2020 está relacionada co PAS: mellorar a comunicación a través da recepción como ponte primeira de solicitude de información (AM 5). O resultado é satisfactorio.

O cadro de profesorado que imparte docencia nas titulacións oficiais adscritas á Facultade de Filoloxía conta cun bo nivel de adecuación. Con todo, cabe destacar o envellecemento do persoal docente (o cadro de PDI presenta unha elevada idade media, hai un número importante de xubilacións previstas nos próximos anos), as dificultades na promoción e o desequilibrio entre as áreas de coñecemento. A continuación alghna información xeral relacionada co PDI.

Podemos destacar o aumento significativa da participación do PDI no **Programa de Formación e Innovación Docente da USC** (<http://www.usc.es/gl/servizos/pfid/index.html>), relacionado coa necesidade de adaptación á docencia non presencial. A valoración global da PFID por parte do PDI da USC é moi positiva (4,46/5), por parte do PAS tamén (7,64/10). As actividades propostas polo grupo de traballo Filotic (AM curso 2018-2019) tamén tiveron boa acollida (vid. Seguimento Plan de Melloras). O Plan de Melloras contempla incrementar a formación pedagóxica (AM-2, vid. Plan de Melloras):

Grao en Filoloxía Clásica: 19,40% vs 46,56%.

Grao en Lingua e Literatura Galegas; 18,90% vs 48,78%.

Grao en Lingua e Literatura Inglesas: 18,94% vs 49,22%.

Grao en Linguas e Literaturas Modernas: 16,67% vs 48,09%.

Grao en Lingua e Literatura Españolas: 18,66% vs 45,11%.

Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos: 3,13% vs 30,00%.

Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura: 13,16% vs 34,15%.

Máster Universitario en Lingüística Aplicada: 13,64% vs 55,00%.

Master Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións: 9,09% vs 57,14%.

Os resultados de satisfacción do PDI coa docencia impartida (IN47G/in47M) son bos (Ver táboa 10) e semellantes ao curso pasado.

Título	2018-2019	2019-2020
Grao en Filoloxía Clásica	4,31	4,18
Grao en Lingua e Literatura Españolas [Grupo de Santiago]	4,16	4,14
Grao en Lingua e Literatura Galegas	4,18	4,14
Grao en Lingua e Literatura Inglesas	4,14	4,12
Grao en Linguas e Literaturas Modernas	4,16	4,11
Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura	4,17	4,37
Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	4,38	4,17
Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos	4,41	4,24
Máster Universitario en Lingüística Aplicada	4	4,38

Táboa 10 - Satisfacción do profesorado da F. de Filoloxía coa docencia impartida nos cursos 2018-2019 e 2019-2020.

Algunha outra información xeral sobre a Facultade, correspondente ao curso 2019-2020, pode ser relevante:

- **Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total na Facultade:** 90,45% (semellante ao ano anterior: 90,97%).
- **Porcentaxe de PDI docente e investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total:** 89,82% (aumentou lixeiramente en relación co ano anterior: 87,23%).
- **Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total:** 72,71% (o ano anterior: 73,69%).

No que se refere ás proporcións por categorías profesionais, cabe apuntar que dos 164 profesores censados desempeñan a súa función docente e investigadora, por exemplo, con a categoría de catedráticos, un total de 29 persoas, ao lado de outras 87 como titulares. A Facultade conta con 18 contratados e contratadas predoutorais a través dos diferentes programas de captación en convocatorias competitivas nacionais (programas FPU, FPI) e autonómicas (Axudas de apoio á etapa predoutoral do Plan Galego). Existe certo desequilibrio da carga docente entre as distintas áreas (vid. informes de seguimento).

A distribución do conxunto está do seguinte modo en relación ao Departamento en que se integra:

Departamento:	Filoloxía Clásica, Francesa e Italiana	Filoloxía Galega	Filoloxía Inglesa e Alemá	Lingua e Literatura Españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral
Eméritos				2
Catedrático U.	7	7	6	9
Titular U.	14	21	21	17
Contratatos doutores	2	4	3	7
Colaboradores	1			
Axudantes doutores		1	2	1
Contratados predoutorais	2	1	8	7
Contratados posdoutorais			2	3
Contratados interinos	2	1	3	1
Lectores	3	2	5	

Táboa 11 – Censo profesional do PDI da Facultade de Filoloxía.

### Mobilidade do profesorado:

Os datos de mobilidade (entrantes e saíntes) son baixos. A maior parte das accións relacionanse coa formación e investigación (asistencia a Xornadas, Congresos o estadias de investigación), as outras están relacionadas coa asistencia a reunións de organismos de avaliación, tribunais de teses de doutoramento, etc. No segundo semestre moitas actividades tiveron que ser canceladas ou realizadas de maneira telemática. A porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título é moi baixo (Grao en Lingua e Literatura inglesas, 3,23%; Grao en Linguas e Literaturas Modernas, 8,51%; Grao en Lingua e Literatura Españolas, 7,41%; Máster

Universitario en Lingüística aplicada, 15%; Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura, 10 %).

#### **Actividades de difusión da actividade investigadora celebradas na Facultade:**

Durante o curso 2019-2020 celebráronse numerosos eventos, **que inclúen congresos e simposios, seminarios, conferencias, cursos e xornadas**. A pandemia obrigou a cancelar varios eventos programados no segundo semestre (por exemplo: o Seminario ZOE: Literatura, ecofeminismo e configuracións animais).

Podemos destacar algúns eventos:

-No marco do Seforin: Seminario de Formación *Introdución á estatística aplicada* (10-13/12/2019), Conferencia de Sara Torres: *El sueño de una (otra) lengua común* (13/12/2019), Workshop de Wiebcke Blanck: *"Academic Writing for Linguists"* (27/02/2020).

-Congresos:

24-25/10/2019: III Congreso Quevedo no contexto europeo.

27/11/2019: IV Congreso Performa – Novos espazos / novos formatos no teatro español actual.

03-06/03/2020: VIII Congreso Ganimedes.

#### **Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos**

**Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
  - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
  - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
  - Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencias e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
  - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional, postos a disposición do alumnado, son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao alumnado oríentano no funcionamento da institución.
- No caso de que os títulos contemplan a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativas aos recursos materiais e os servizos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A Facultade de Filoloxía conta cunhas infraestruturas e uns recursos materiais (aulas, laboratorios, seminarios docentes, salas de lectura, servizos reprográficos) e cuns recursos documentais (biblioteca) e informáticos (campus virtual) adecuados, en xeral, a pesar dalgunhas deficiencias estruturais. O Campus Virtual, proporcionado polo Centro de tecnoloxías para a aprendizaxe da USC, ofrece actividades formativas, no marco do Plan de Formación e Innovación Docente. En xeral, este servizo é valorado positivamente e no contexto da pandemia resultou ser imprescindible. As queixas sobre certas deficiencias no edificio (e os accesos ao edificio), e nos equipamentos ligados aos recursos que garanten a accesibilidade e os servizos auxiliados pola internet, foron obxecto dunha acción de mellora no curso pasado (vid. seguimento AAMM). No Plan de Melloras propónse a mellora dos espazos da biblioteca (AM-4, vid. Plan de Melloras). Cabe destacar a elaboración dun informe *Campus Norte: infraestruturas, servizos e necesidades*.

Cabe destacar ao nivel da USC:

Os Servizos de Participación e Integración Universitaria, o Servizo de Prevención de Risco, a Oficina de Igualdade de Xénero, os Servizos de orientación académica e orientación profesional (OIU), Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, Servizo Universitario de Residencias (SUR), a Área de Orientación Laboral e Emprego, e o Servizo de Xestión Académica - UXA Norte. Propónse unha acción de mellora relacionado coa prevención de riscos (AM-2) (actividade formativa).

Inclúense aquí os datos referidos ás actuacións e melloras correspondentes ao curso 2019-2020, que complementan ou actualizan a información incluída nos informes de seguimento e renovación da acreditación dos cursos anteriores (espazos, biblioteca, melloras nos equipamentos e infraestruturas docentes, campus virtual, accesibilidade e prevención de riscos e servizos de orientación e atención ao estudiantado).

**Biblioteca:** Os datos correspondentes ao ano 2019 e 2020 (segundo a información proporcionada pola dirección da Biblioteca da Facultade) son os seguintes:

**2019**

Total de títulos de monografías: 165.179.

Total de volumes de monografías en papel: 205.151.

Volumes de monografías en papel ingresados e informatizados durante o ano: 1.816.

Títulos de publicacións periódicas en papel: 2.640.

Títulos de publicacións periódicas en papel en curso de recepción: 180.

Volumes prestados no centro: 49.109.

Volumes prestados na BUSC: 46.033.

**2020**

Total de volumes de monografías en papel: 206.892.

Volumes de monografías en papel ingresados: 1.401.

Títulos de publicacións periódicas en papel: 2.584.

Títulos de publicacións periódicas en papel en curso de recepción: 114.

Total de documentos catalogados: Monografías: 1.401. Analíticas de monografías e publicacións periódicas, están englobadas nas estatísticas totais da BUSC, as de monografías son 1.979 e de

publicacións periódicas 3.108.

Volumes prestados no centro: 23.450.

Volumes de Filoloxía prestados na BUSC: 26.504.

O axudante que fora contratado como funcionario interino no ano anterior para cubrir unha baixa renunciou ao posto, en febreiro de 2019, e ata o 10-09-2019 a xerencia non cubriu esa praza (funcionario interino).

### **Melloras no equipamento e infraestruturas.**

Durante o curso 2019-2020 as melloras máis significativas do curso (renovación de equipamento informático, adquisición de mobiliario, acondicionamento e mantemento dos espazos) obxecto de informe son as seguintes:

- Equipamento de "sala de microondas" da facultade e fonte de auga refrixerada.
- Obra de acondicionamento e ampliación de local para depósito de libros da biblioteca da Facultade de Filoloxía.
- Substitución, arranxo de canóns, de ordenadores e de pantallas de proxección en aulas e seminarios de docencia.
- Colocación de vinilos no Salón de Actos, nos 136 despachos e nos espazos das Cátedras Institucionais (Inauguración dos espazos “Valle-Inclán” e “Jose Ángel Valente” o 12/09/2019).
- Obras de reparación de problemas de filtración de auga, de canalóns e impermeabilización de diversos elementos en fachada e cubertas, e reparación de parte do teito dos soportais exteriores da facultade.
